

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

GALICIA NA BCNEGRA 2008, MARTES 5 XANEIRO ÁS 19.30 H

Mesa redonda sobre a novela negra galega con Xosé Miranda e Diego Ameixeiras

No medio e medio do Entroido comeza a cuarta edición de BCNegra, unha semana dedicada ao xénero literario criminal e policíaco.

Joaquim Ventura - 20:00 04/02/2008

E por primeira vez Galiza ten voz de seu. Se ben o ano pasado xa estivo presente o escritor galego [Domingo Villar](#) para presentar a versión castelá de *Ollos de auga*, hoxe son dos autores os que presentarán en galego algunhas das súas obras.

Na mesa redonda que no Palau de la Virreina ás 19.30 h moderará quen asina esta crónica, participarán Xosé Miranda (autor de *A tres bandas*) e Diego Ameixeiras (autor de *Baixo mínimos* e mais *Cidadán do mes*). Ambos os dous teñen no seu currículo ser gañadores do premio Xerais de novela: Miranda en 1998 con *Morning Star* e Ameixeiras en 2006 con *Tres segundos de memoria*.

Se Galicia ten as condicións para reivindicar unha personalidade nacional, tamén no terreo do crime ten unhas características de seu. A tradición do contrabando (transformado hai uns anos en narcotráfico), o ingreso nas forzas de seguridade como unha das principais saídas laborais para moitos galegos, as dificultades para establecer no país os dereitos cidadáns, o profundo vencello á propiedade da terra, son algúns dos elementos que poden facer distinta a historia do crime en Galicia verbo doutras terras. E os escritores non son alleos a iso.

Á espera das manifestacións dos escritores galegos presentes na BCNegra 2008, o cultivo deste xénero en lingua galega debe ser visto como algo normal e normalizador. Os xéneros populares –populares polos lectores aos que van destinados e polo emprego dunha linguaxe cotiá, da rúa, mais non por iso estragada– son a mellor vía para a supervivencia da lingua. E niso ninguén ten que pedir xustificacións.

Mesa redonda: "Negra i gallega. La narrativa policial a Galicia, avui"

Cos escritores Xosé Miranda e Diego Ameixeiras.

Moderador: Joaquim Ventura.

Martes, 5 de febreiro, 19:30 h

Palau de la Virreina
La Rambla, 99

Entrada de balde.

Novas relacionadas

- [Como de negra é a literatura galega?](#)